



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CAMBRE

*Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza reguladora da prestación dos servizos contidos no “Programa Mañanceiro”, inscrición e selección dos solicitantes*

A Corporación municipal en pleno, en sesión ordinaria de data 31 de xullo de 2014, aprobou, con carácter inicial, a modificación do artigo 2 apartado 3 da Ordenanza reguladora da prestación dos servizos contidos no “Programa Mañanceiro”, inscrición e selección dos solicitantes.

Exposta ao público durante trinta días, non se presentou ningunha reclamación ou suxestión, polo que, de conformidade co establecido no art. 49 c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, enténdese definitivamente aprobada a citada modificación.

A teor do previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, e artigo 196.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, publícase integramente a citada modificación, que entrará en vigor ao día seguinte ao da súa inserción no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985.

Por tratarse dunha disposición administrativa de carácter xeral, non procede recurso en vía administrativa, se ben poderá impugnarse directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación desta disposición no Boletín Oficial da Provincia, e deberá presentarse ante a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, isto de conformidade co previsto no artigo 10.1.b) da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

**Modificación do artigo 2 apartado 3 da Ordenanza reguladora da prestación dos servizos contidos no “Programa Mañanceiro”, inscrición e selección dos solicitantes, que queda redactado tal e como se transcribe a continuación:**

**“Art. 2 – Prestación dos servizos**

(....)

3. O número de alumnos/as por grupo en cada centro será unha media de 13 como mínimo e no caso dos centros escolares dunha liña o número mínimo de solicitudes necesarias para poñelo en marcha é de 6.”

Cambre, 25 de setembro de 2014

O alcalde

Manuel Rivas Caridad

2014/10329